

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de setembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para mellora das condicións de accesibilidade en vivenda unifamiliar de palnta baixa, dúas plantas altas e baixo cuberta, consistente na instalación de ascensor na vivenda unifamiliar sita na rúa Camiño Verde, número 26. (2022/Y001/000066).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN.- Acórdase a adjudicación na contratación do servizo de conservación e mantemento no campo de herba natural do estadio de atletismo Gregorio Pérez Rivera, no campo de herba artificial do campo de fútbol do polvorín e no campo de herba natural no campo de beisbol do Ceao. Exp. ref. 2022/C003/000012.

Tamén se acorda a 2ª prórroga do contrato dende o 26-8-22 ata 25-8-2023 na contratación do servizo de mantemento e conservación dos C.E.I.P e escolas infantís municipais. Exp. ref. 2020/C003/000015.

Acórdase a 2ª prórroga do contrato dende o 1/7/2022 ata o 31/12/2022 na contratación mediante lotes do servizo de vixilancia nos sete centros de convivencia municipal. (Expte. ref. 2019-070 tecol 2021/C003/000016).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.